En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35270**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema, don Daniel Pérez López e don Luis Bará Torres, sobre **"a previsión da Axencia Galega de Infraestrutura de licitar no 2025 o contrato de obras para executar a fase de prolongación da autovía AG-55 entre Salto e Calo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A cuestión que dá lugar á pregunta xa foi contestada de maneira oral (POC 35269) pola directora da Axencia Galega de Infraestruturas na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, celebrada o pasado 13 de novembro de 2026, resposta da que se achega a correspondente ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/95TBLXza8oRiMqnBL79oWloC4jOmEV4zY40a83llymNFDss3>

Ao respecto, cómpre indicar que o pasado 7 de xaneiro saíu a licitación a prolongación da autovía da Costa da Morte con 5,8 novos quilómetros de vía de alta capacidade libres de peaxes o que suporá contar con infraestruturas máis sostibles, máis seguras e máis cómodas para os usuarios nesta zona.

O novo tramo, comprendido entre Santa Irena (Vimianzo) e a estrada AC-432, que comunica este concello con Camariñas. As obras está previsto inicialas o próximo verán.

O Goberno galego investirá 36,3 M€ para este novo treito que estará limitado a 100 km/h.

As obras resultan de gran complexidade técnica, xa que inclúen a construción de dous enlaces e a previsión dun terceiro; tres viadutos; seis pasos superiores; tres pasos inferiores; e seis obras de drenaxe.

A estrutura máis singular será o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá o cruzamento da vía sobre esta contorna e que terá preto de 250 metros de lonxitude.

Todas estas actuacións permitirán conectar mellor a zona, reducir os tempos dos usuarios e seguir proporcionando comodidade e seguridade.

O obxectivo da Xunta é darlle continuidade ao tramo de autovía da Costa da Morte que se puxo en funcionamento no 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo, ata Santa Irena.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O Goberno galego está a actuar con planificación e paso a paso prolongación da autovía da Costa da Morte, que se ven materializando en compromisos reais que se poden comprobar a través da plataforma de licitación:

Contratación suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto multicriterio, tramitación ordinaria e anticipada de gasto da obra: Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte. Treito: Santa Irena-AC-432. Actualización, de clave AC/25/079.01. E/037/2025

<https://www.contratosdeg Galicia.gal/licitacion?OP=50&N=826933&lang=gl>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:21:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44723
Data envío: 11/01/2026 23:21:56.385

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35698**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"as actuacións que prevé pór en marcha o Goberno galego para frear a situación de vertidos directos de augas residuais na ría de Muros e Noia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de decembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 35699, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjE5Yzk1ZTZQTmQzYi00OGY2LWFiZGQzM2M3NjlyZjZjNWY3&start=4745.473>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a situación da depuración das augas residuais en Noia e as actuacións e medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa mellora das infraestruturas de saneamento e da calidade das augas da ría".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:18:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45756
Data envío: 15/01/2026 14:18:17.450

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35709**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de atender as demandas das veciñanza da parroquia de Dorneá, no concello de Boimorto, no que respecta á seguridade viaria da estrada AC-840"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estrada AC-840 atravesa o concello de Boimorto ao longo de case 10 km, polos que circulan diariamente unha media de 4.100 vehículos.

No marco das actuacións de conservación e mellora da rede autonómica, levouse a cabo en 2021 unha importante intervención no tramo comprendido entre os PQ 17+500 e 58+840, que incluíu reparación, habilitación e reforzo do firme nos treitos necesarios, xunto coa AC-523. Esta actuación abarcou tamén os concellos de Laracha, Cerceda, Oza-Cesuras, Curtis, Melide, Santiso, Vilasantar e Sobrado, cun investimento de 294.693,55 € no termo municipal de Boimorto, dentro dun total superior a 3 millóns de euros.

Previas a estas actuacións, no ano 2020 realizáronse reforzos localizados do firme entre os PQ 0 e 5+500 e entre os 14+800 e 35+400 mediante reparacións puntuais.

Ademais, en 2018 atendeuse unha solicitude do Concello de Boimorto para mellorar a intersección existente na parroquia de Dorneá, na zona de A Algaria, coa realización dun retranqueo do noiro e dun murete de contención para incrementar a visibilidade.

Xa no ano 2024 desenvolvéronse actuacións concretas de mellora da seguridade viaria en tramos relacionados co Camiño de Santiago. No municipio de Boimorto, actuouse entre os PQ 33+000 e 33+370 da AC-840 (O Mesón), en contornas con visibilidade reducida e tránsito peonil inadecuado. Executouse unha senda de solacemento en ambas marxes e instalouse unha tubaxe de pluviais baixo a marxe esquerda, cun orzamento aproximado de 44.011,91 €.

A Xunta de Galicia mantén un firme compromiso co concello de Boimorto, e nos próximos meses planifícanse novas actuacións de mellora da seguridade viaria en tramos de alto potencial de mellora da AC-840 e doutras estradas da comarca. Estas actuacións contemplarán medidas de acondicionamento de marxes, reforzo da sinalización e balizamento, mellora de defensas, interseccións e accesos, así como a adecuación de pasos de peóns, co obxectivo de garantir unha circulación máis segura e accesible para todos os usuarios".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 1:10:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44914
Data envío: 13/01/2026 01:10:57.176

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35790**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión do Goberno galego de adaptar o marco normativo galego ás obxeccións do Comité dos Dereitos do Neno para impedir o acceso de menores de idade a espectáculos taurinos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, respondeu a unha pregunta oral con número de rexistro 35789 en comisión 1ª o día 07/11/2025, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pode accederse á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTg3NWRlZTEtYzI3MS00OGFmLTgwODQtZTcxYWE2N2RkYTJh&start=6887>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:46:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:46:20
Nº Rexistro: 45386
Data envío: 14/01/2026 09:46:20.637

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35860**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, dona Cristina Fernández Davila e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as medidas contempladas polo Goberno galego para garantir un transporte escolar estable a todo o alumnado do IES Terra de Xallas, no concello de Santa Comba"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 35802, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 4ª celebrada o 12 de novembro de 2025, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora xeral de Mobilidade destacou o labor de planificación e seguimento que realiza a Xunta de Galicia no transporte escolar para axustalo ás necesidades que xorden cada curso. Así, no caso do servizo ao IES Terra do Xallas, en Santa Comba, explicou que se realizaron axustes hai xa un mes ao detectar incidencias en dúas das novas liñas coas que conta o centro educativo, derivadas da non actualización do alumnado asignado e dun problema de puntualidade, que tamén foi resolto na primeira semana de outubro.

A resposta completa da directora xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNIYTZMDI3YjUz&start=1176>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTYwMzk4MTUtM2ZmZi00ZjAxLWEyMDMtYTNIYTZMDI3YjUz&start=2291>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:39:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:39:27
Nº Rexistro: 45384
Data envío: 14/01/2026 09:39:27.066

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35872**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a previsión do Goberno galego de remitir datos trimestrais e anuais desagregados por concellos explicando o impacto das medidas de reto demográfico"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia é pioneira en aprobar lexislación específica para afrontar o reto demográfico. De feito, a Lei 5/2021 de Impulso Demográfico de Galicia foi a primeira lei en España que abordou de forma integral o problema demográfico que afecta ás sociedades occidentais, e fonte de inspiración doutras lexislacións autonómicas posteriores que puideron afondar en conceptos non definidos de forma directa na nosa norma.

Esta lei permite dispoñer dunha folla de ruta clara e concreta para afrontar este reto nas mellores condicións. A Lei de Impulso Demográfico de Galicia aborda de xeito transversal o reto demográfico e marca uns criterios de actuacións para afrontar o descenso poboacional que viña rexistrando Galicia antes da aprobación da Lei. Estas medidas inclúen actuacións concretas en ámbitos como a conciliación, o envellecemento, o mercado laboral, o apoio ás familias, o ensino, a sanidade pública ou o fomento do retorno.

E a aplicación desta lei únese coa aplicación do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, cuxo primeiro eixo é precisamente o reto demográfico. Este plan conta con informes anuais de seguimento e avaliación, nos que se dá conta da evolución do mesmo e que son de acceso público.

En todo caso, os últimos indicadores de poboación publicados polo organismos estatísticos oficiais ratifican non só que Galicia deixou de perder habitantes, senón unha tendencia á alza nas catro provincias galegas grazas á capacidade de atracción de milleiros de persoas que deciden formar un proxecto vital na comunidade autónoma. Isto evidénciase nos saldos migratorios positivos que vén contabilizando Galicia nos últimos anos, e que demostran que cada ano entran no territorio galego moitas máis persoas das que marchan.

De feito, no momento de elaboración desta resposta, Galicia continúa a rexistrar unha evolución poboacional positiva, cun incremento do número de habitantes de máis de 14.400 persoas nun ano. Isto evidencia que a planificación da Xunta de Galicia está a dar resultado e que Galicia mantense como unha comunidade atractiva para milleiros de persoas que queren iniciar un novo proxecto vital e formar unha familia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por último, en canto ao Índice Xeral de Produción Industrial (IPI), os últimos datos publicados polo INE mostran que a produción industrial en Galicia non se reduce, senón ao contrario: medra, e medra máis que no conxunto de España. Ao peche do terceiro trimestre -dato máis recente publicado-, o IPI medra en Galicia un 1,2%, por riba da media española”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:39:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:39:20
Nº Rexistro: 45383
Data envío: 14/01/2026 09:39:20.179

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35884**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e don Aitor Bouza Manso, sobre **"a previsión do Goberno galego de aprobar unha estratexia galega de interculturalidade que coordine as políticas de inclusión, diversidade cultural e convivencia en todos os ámbitos da administración autonómica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030, aprobada polo Consello da Xunta o 28/12/2023, constitúe o marco de planificación das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión que se van desenvolver ata 2030, e nas que están implicadas diferentes áreas da Xunta.

A despregadura da Estratexia de Inclusión para o período 2023-2030 agrúpase en cinco eixos estratéxicos, un dos cales, en concreto o eixo 5, é o de Perspectiva interseccional e diversidade cultural. Neste eixo plantéxanse obxectivos específicos como o de Potenciar a diversidade cultural e interculturalidade nos ámbitos esenciais da inclusión social, ou o de Combater a aporofobia e a discriminación por distintas razóns: racismo/xenofobia, orientación ou identidade sexual, crenzas, prácticas relixiosas, aporofobia, discapacidade, antisemitismo, ideoloxía...; nestes obxectivos recóllense liñas de acción que implican a distintos ámbitos e axentes, que están a desenvolver distintas medidas relativas á interculturalidade e á convivencia dentro deste marco estratéxico xa existente. Polo tanto non se considera preciso implementar unha estratexia específica sobre a materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:39:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:39:04
Nº Rexistro: 45382
Data envío: 14/01/2026 09:39:04.190

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 35919**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema, don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da seguridade viaria e peonil na estrada AC-445 ao seu paso polo concello de Corcubión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A intersección do Camiño de Santiago coa estrada AC-445 foi obxecto, no ano 2021, dun conxunto de actuacións destinadas a mellorar a seguridade viaria. Estas actuacións consistiron no traslado dos puntos de cruzamento a localizacións con maior visibilidade, no reforzo da sinalización vertical, na execución de sendas peónis e na implantación de bandas transversais de alerta naqueles puntos nos que resultou tecnicamente viable.

As medidas adoptadas afectaron ao termo municipal de Corcubión, concretamente ao punto quilométrico 3+830, entre Vilar e San Roque, así como ao tramo comprendido entre os puntos quilométricos 4+500 e 4+820, na zona da Amarela. En consecuencia, considérase que xa se teñen implementado as actuacións necesarias para garantir a seguridade nestes puntos.

No que atinxe ao control da velocidade dos vehículos, cómpre lembrar que a competencia para a vixilancia do cumprimento dos límites establecidos e para a sanción das infraccións corresponde á Dirección Xeral de Tráfico, á Agrupación de Tráfico da Garda Civil e, nos tramos urbanos, ás policía locais. Neste caso, non se detecta unha problemática asociada á definición do límite de velocidade, senón un incumprimento reiterado da sinalización por parte de determinados condutores, cuestión que require a adopción de medidas específicas de control e sanción por parte dos organismos competentes".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 0:59:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44913
Data envío: 13/01/2026 00:59:58,844

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36015**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego dos seus incumprimentos en materia de loita contra a violencia machista no aniversario de implantación da lei galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero é unha prioridade absoluta para o Goberno galego, por iso contamos con recursos e medidas orientadas a combater esta lacra que nos afecta a todos como sociedade.

Neste senso, Galicia conta cun amplo sistema de protección tanto para as vítimas e os seus fillos, formada por: recursos habitacionais, a través dunha rede de vivendas de acollida por todo o territorio, Centros de Información ás Mulleres (CIM), axudas económicas directas e periódicas, atención xurídica e psicolóxica gratuíta ou programas que fomentan a inserción laboral.

A Xunta de Galicia aposta por reforzar programas de prevención creando novos de acción directa e implicando a outros sectores (empresarios e concellos) e achegando recursos á poboación.

Ademais, nos últimos anos a Xunta duplicou os programas de sensibilización e impulsou novos recursos para frear a violencia sexual. Esta aposta está dando resultados, de feito, somos a 2ª comunidade con menos violencia de xénero e a 4ª con menos violencia sexual de España.

No que respecta aos centros de crise 24 horas, reiteramos unha vez máis que son centros de titularidade pública e gratuítos, fundamentais para dar a primeira atención ás vítimas e responder rapidamente ante unha agresión.

Con todo, insistimos en que a mellor maneira de protexer ás vítimas é a través da denuncia. Por iso, instamos a denunciar posibles casos ante as forzas e corpos de seguridade ou a través do número 016".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 9:38:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:38:35
Nº Rexistro: 45380
Data envío: 14/01/2026 09:38:35.693

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36024**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luís Bará Torres, sobre **"as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas e a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeiras no servizo de transporte público por estrada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 36026, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 5 de novembro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTY5ZWNkZDctOTA0MC00ZGU0LThkZWQtYTJmOTk5Mjk2NjIz&start=8674](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTY5ZWNkZDctOTA0MC00ZGU0LThkZWQtYTJmOTk5Mjk2NjIz&start=8674)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTY5ZWNkZDctOTA0MC00ZGU0LThkZWQtYTJmOTk5Mjk2NjIz&start=9769"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTY5ZWNkZDctOTA0MC00ZGU0LThkZWQtYTJmOTk5Mjk2NjIz&start=9769)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45375
Data envío: 13/01/2026 22:37:54.740

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:37:54

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36040**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de elaborar un inventario público das especies exóticas invasoras nas rías galegas, en especial a de Pontevedra, e implementar sistemas de seguimento para avaliar o seu impacto sobre os recursos marisqueiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de novembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 36042, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDNjNTY0NjltM2ZiNy00MDdjLTk4NWQtYmExYjNiZDFmOTI1&start=9145.932>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en práctica de medidas para o control das especies mariñas exóticas que invaden as rías galegas, en especial a de Pontevedra".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:14:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45736
Data envío: 15/01/2026 14:14:33,218

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36065**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a previsión do presidente da Xunta de Galicia de reunirse coas entidades federadas de FADEMGa para escoitar a urxencia económica na que están envoltas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"É importante destacar o compromiso da Xunta con todas as entidades sociais. Neste senso, unha vez máis o Goberno galego asumirá en solitario a suba dos convenios colectivos do persoal da discapacidade.

A Xunta de Galicia puxo en marcha recentemente o concerto social, unha modalidade de contratación que responde ás demandas históricas do sector e que supuxo un incremento no seu momento do 30% no prezo das prazas concertadas. Así, cada ano o Goberno galego destina máis de 100 millóns de euros para dar maior tranquilidade ás familias, estabilidade ás entidades e unha mellor atención aos usuarios.

Deste xeito, a nova suba dos convenios colectivos estatais para o persoal que traballa no sector da atención á discapacidade, aprobada este mesmo ano, supón un incremento importante no prezo do concerto social e que a Xunta asumirá con retroactividade e en solitario, sen ningunha achega do Goberno central.

Nesta liña, o compromiso da Xunta con todas as persoas con discapacidade se demostra ano a ano con feitos como o incremento de prazas públicas ata acadar as máis de 5.900; a colaboración coas entidades para impulsar recursos como a nova residencia de autismo de Friol, o centro para saúde mental das Pontes ou a ampliación das instalacións de Dano Cerebral Santiago; así como a liña de axudas de máis de 13 millóns de euros nos últimos tres anos para a creación e mellora de recursos para a discapacidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:37:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45374
Data envío: 13/01/2026 22:37:49.061

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36127**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de convocar e resolver o concurso público da nova concesión para o transporte do Barbanza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego aposta pola mellora continua do autobús interurbano e por ofrecer o mellor servizo público posible aos usuarios, e, para acadar estes obxectivos, é preciso realizar unha análise continua do funcionamento do transporte e estar moi atento ás necesidades que van xurdindo.

No caso do Barbanza, o pasado mes de setembro, ante a imposibilidade de introducir máis cambios coas condicións establecidas no contrato e cos medios dispoñibles, tanto o Goberno galego como a empresa concesionaria optaron por rescindir o contrato.

A nova licitación suporá unha oportunidade para axustar os servizos ás demandas e circunstancias actuais, así como implantar outras melloras. O proxecto de explotación do novo servizo xa foi sometido a información pública e neste momento estanse a revisar as alegacións presentadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:37:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45373
Data envío: 13/01/2026 22:37:43,614

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36128**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e don Carlos López Font, sobre **"os criterios que está a empregar a Xunta de Galicia no deseño da nova concesión de transporte por estrada no Barbanza, en particular respecto ás frecuencias, liñas, tarifas e conexións cos servizos públicos esenciais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego aposta pola mellora continua do autobús interurbano e por ofrecer o mellor servizo público posible aos usuarios, e, para acadar estes obxectivos, é preciso realizar unha análise continua do funcionamento do transporte e estar moi atento ás necesidades que van xurdindo.

No caso do Barbanza, o pasado mes de setembro, ante a imposibilidade de introducir máis cambios coas condicións establecidas no contrato e cos medios dispoñibles, tanto o Goberno galego como a empresa concesionaria optaron por rescindir o contrato.

A nova licitación suporá unha oportunidade para axustar os servizos ás demandas e circunstancias actuais, así como implantar outras melloras. O proxecto de explotación do novo servizo xa foi sometido a información pública e neste momento estanse a revisar as alegacións presentadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:37:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45372
Data envío: 13/01/2026 22:37:38,310

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a forma na que a Consellería de Asuntos Sociais prevé rebaixar o tempo de espera para percibir a axuda á dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviallle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En Galicia, reduciuse en 58 días os tempo de tramitación da dependencia, o que supón unha rebaixa do 15%. Mentres que a media nacional subiu en 12 días, un 3,5% máis.

Deste xeito, xa alcanzamos os 93.660 beneficiarios, cunha ratio de atención do 99,37%. Cumprimos o obxectivo dos 90.000 atendidos en outubro, con dous meses de antelación ao inicialmente previsto

E, aínda que o único dato positivo é cero, somos unha das Comunidades con menor número de persoas falecidas agardando por unha prestación.

Estes son os mellores datos de da historia rexistrados en Galicia no ámbito da atención á dependencia. E son datos que gañan en relevancia se temos en conta que o número de persoas con dereito a prestación aumentou un 14%. Isto é posible...

Grazas á posta en marcha dun Plan de Choque que permitiu duplicar os recoñecementos de dependencia e discapacidade con respecto ao ano 2024. Un Plan de Choque que reforzaremos no vindeiro ano.

E grazas a un investimento récord en dependencia, que no 2026 superará os 840 M€, case 100 M€ máis que neste exercicio.

Non comprendemos como o Goberno central trata de paralizar, recorréndoo no Tribunal Constitucional, un Plan de Choque que ten beneficiado a tantas persoas.

O Goberno de Sánchez, o que ten que facer, é pagar o que lle corresponde do financiamento da dependencia e saldar canto antes a débeda que ten cos galegos nesta materia, que o vindeiro ano chegará aos 2.900 M€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:37:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45369
Data envío: 13/01/2026 22:37:19.984

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 36196**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a previsión do Goberno galego de garantir que se realicen estudos sobre as causas da perda de produtividade na ría de Arousa e de actuar orzamentariamente consonte ás propostas de actuación deses estudos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 8 de outubro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 30352.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MjMxNDQ2ODUtMDE4OS00NmE0LTg5YTltODU0NGFlNWUwOGE0&start=7696](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMxNDQ2ODUtMDE4OS00NmE0LTg5YTltODU0NGFlNWUwOGE0&start=7696)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a produción marisqueira nas rías galegas, e especialmente na Ría de Arousa, e sobre a posición do goberno galego ante a situación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37580**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de Nicole Grueira Fernández e outros/as deputados e deputadas, sobre "**as axudas que o Goberno galego está dispor para que a mocidade poida adquirir vivenda**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

""A Xunta ten artellado un paquete de medidas para dar resposta á emerxencia habitacional que afecta ao colectivo da mocidade:

1. Polo menos o 40% das novas vivendas en alugueiro que se constrúan na Lexislatura estarán destinadas a mozos de ata 36 anos. Un 25% das vivendas en venda tamén estarán reservadas para eles.
2. Temos xa adxudicados os proxectos dos primeiros aloxamentos compartidos para mozos de Santiago de Compostela, Vigo e Lugo . Verán iniciar as obras neste novo exercicio, co obxectivo de que estean dispoñibles antes de rematar a Lexislatura.
3. Os orzamentos 2026 fan crecer un 13%, ata os 4,8 millóns de euros as axudas á compra de vivenda tanto para mozos en núcleos con menos de 10.000 habitantes, como en centros históricos ou para facilitar o acceso a vivendas protexidas. No caso da adquisición por mozos pásase dos 2,3 aos 2,8M€.
4. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia dispón de apoios para que a xente moza opte a avais para sufragar a primeira compra de vivenda con hipoteca. O IGVS avala ata un 20% do prezo de adquisición da vivenda, ou o seu valor de taxación, no suposto de que este sexa menor para a adquisición da primeira vivenda en propiedade. Deste xeito o mozo adquirente poder obter un préstamo hipotecario do 100% do prezo da vivenda. Unha medida que desde o ano 2023 permitiu conceder avais por case 4 millóns de euros.
5. Rebaixamos tamén os impostos para os menores de 36 anos: a compra da vivenda habitual só paga un 0,5% en actos xurídicos documentados. No imposto de transmisións patrimoniais baixamos do 8% ao 3% e incluso ao 0% en zonas pouco poboadas
6. Axudas ao alugueiro xerais. Con carácter xeral o 50 %, co límite máximo de 600 / 550 / 425 euros segundo á área xeográfica na que se atope a vivenda. Para menores de 36 anos o importe da subvención incrementase en 10 punto, pasando a ser do 60 %.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





7. A Xunta xa adxudicou o 100% das axudas ao alugueiro da convocatoria vixente (2024-2025) do Plan de Vivenda 2024, cofinanciado con 10M€ de fondos propios.

8. E xestionamos o Bono Alugueiro Mocidade. Axuda ao pagamento do alugueiro por parte de mozos menores de 36 anos no momento de solicitar a axuda.

Un bono financiado con escasos fondos estatais: 11 M€ para 2025 e 2026 e creado sen consenso das comunidades. Antes de rematar o prazo xa estabamos a comunicar as primeiras concesións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 14:16:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 45743
Data envío: 15/01/2026 14:16:12.098

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37582**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que prevé adotar o Goberno galego para solucionar o colapso no Xulgado do Penal número 2 de Santiago de Compostela"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O colapso ao que se alude na iniciativa no xulgado do Penal número 2 de Santiago non é por falta de persoal porque ten todo o cadro de persoal cuberto.

Salientar que durante todo o xuízo do accidente do Alvia estivo reforzado con tres funcionarios e este aínda continúa cunha funcionaria de xestión procesual e, ademais, autorizouse o nomeamento dun funcionario interino de auxilio xudicial.

Hai que indicar tamén que a Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que corresponde adoptar decisións sobre a acumulación de asuntos nun xulgado ao Ministerio de Xustiza e ao Consello Xeral do Poder Xudicial e de maneira subsidiaria á Xunta de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:18:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45330
Data envío: 13/01/2026 22:18:39.895

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37590**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión do Goberno galego de modificar o servizo de quendas de garda dos médicos forenses do Imelga"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego entende que os médicos forenses realizan unha actividade esencial na Administración de Xustiza. E é por esa razón polo que incrementou, no ano 2017, o número de médicos por quenda de garda, en máis dunha subdirección. Coa posibilidade, ademais, de agruparse tres médicos forenses para facer as quendas de 12 horas día/noite con descanso as 12 horas seguintes, os 7 días consecutivos ou por territorios, agrupando varios partidos xudiciais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:12:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45328
Data envío: 13/01/2026 22:12:28.976

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37592**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que prevé implementar a Xunta de Galicia no II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 constituíu unha iniciativa pioneira a nivel autonómico, deseñada para articular diferentes políticas públicas que permitisen dar unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa prevención e erradicación.

A súa implementación contribuíu de maneira significativa á mellora da calidade de vida das vítimas e superviventes, maioritariamente mulleres e nenas, mediante a ampliación e mellora dos servizos e recursos dispoñibles. En liñas xerais, o plan permitiu habilitar espazos seguros para a protección, recuperación e reintegración social, ao tempo que se reforzaron os procesos de detección, identificación e protección das vítimas, consolidando os recursos de atención integral dirixidos ás mulleres, nenas e nenos afectados por esta forma de violencia.

Ao longo dos tres anos de vixencia do plan (2022-2024), executáronse 44 das 59 medidas previstas, o que supón un grao de cumprimento do 74,58 %. Así mesmo, cumpre mencionar que entre os logros máis salientables destacan:

Prevención e sensibilización social: Desenvolvéronse múltiples campañas de comunicación e xornadas divulgativas para aumentar a visibilidade e concienciación sobre a trata e a explotación sexual, especialmente entre a poboación máis nova.

Fortalecemento dos servizos de apoio integral: Melloráronse os recursos psicolóxicos, médicos, xurídicos e habitacionais, favorecendo unha atención máis ampla e eficaz ás vítimas e a súa reintegración na sociedade.

Reforzo dos mecanismos de detección, identificación e protección: A través da formación específica de profesionais dos ámbitos sanitario, xudicial e das forzas de seguridade, así como do desenvolvemento de ferramentas de intervención, avanzouse na mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas de trata.

Coordinación interinstitucional: Impulsouse a colaboración entre administracións públicas, forzas de seguridade e entidades especializadas como a Rede Galega contra a Trata, configurando un modelo de prevención e intervención conxunta. Esta coordinación supuxo un reto importante pola necesidade de aliar múltiples actores e esforzos nunha estratexia común.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Impulso á investigación e sensibilización no ámbito universitario: Promovéronse estudos e accións de concienciación nas universidades galegas, fomentando a xeración de coñecemento e a reflexión crítica sobre a trata e a violencia sexual entre a comunidade universitaria.

Aínda que a avaliación global do plan é positiva e os avances acadados son notables, cómpre sinalar que determinadas medidas requiren de máis tempo para a súa completa execución.

Tendo en conta as medidas implementadas e os resultados acadados ao abeiro do I Plan, o Goberno galego traballa coas entidades sociais do sector para elaborar o II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2025-2027.

Pola contra, o Goberno central segue sen sacar adiante a Lei de trata que prometeu hai máis dun ano e da que non hai ningún avance”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:12:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45327
Data envío: 13/01/2026 22:12:23.553

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37601**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de conmemorar durante o 2025 o trixésimo aniversario da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller e da aprobación da Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, así como dos dez anos da Axenda 2030"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller e a Declaración e Plataforma de Acción de Beijing de 1995 foi un punto de inflexión para as políticas mundiais da igualdade de xénero. O Goberno galego segue a ter esta declaración como folla de ruta e abordou durante 2025 a súa conmemoración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:12:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45326
Data envío: 13/01/2026 22:12:17.589

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37626**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a previsión do Goberno galego de mellorar o acceso e ampliar a zona exterior dos servizos de atención para as persoas maiores no termo de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O concello de Cerdedo-Cotobade é un exemplo en materia de atención ás persoas maiores, tanto pola rede de centros existentes nese termo municipal como pola colaboración institucional entre o concello e a Xunta de Galicia para seguir mellorando eses servizos.

Neste senso, en concreto no núcleo de Cerdedo existen na actualidade dous centros:

un centro de atención a persoas maiores, que alberga no mesmo inmoble un centro de día con capacidade para 30 usuarios, e un Fogar Residencial con capacidade para 18 prazas.

A maiores en 2023 entrou en servizo unha nova Residencia con capacidade para 46 usuarios, tras unha inversión de 2 millóns de euros, que ademais ten un amplo espazo exterior.

Todos estes centros públicos están xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que en colaboración co propio concello de Cerdedo-Cotobade, teñen executado distintas melloras en ambos centros, principalmente no centro máis antigo que alberga o centro de día e o fogar residencial.

Así nos últimos anos se teñen financiado obras, tanto para mellorar o illamento e revestimento exterior da fachada, como para realizar outras reformas interiores que melloraron o confort e comodidade dos usuarios do centro.

Continuaremos na mesma liña de seguir financiando as melloras necesarias en colaboración co propio concello como titular do inmoble, entre as que se valorarán tecnicamente a correspondentes á zona exterior".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 0:59:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44907
Data envío: 13/01/2026 00:59:24.796

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37699**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a valoración que fai a Consellería de Política Social das condicións de precariedade laboral e falta de recursos humanos e económicos que afectan ao funcionamento do sistema de protección de menores en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"É falso que a Xunta de Galicia non teña incrementado os recursos para o sistema de protección da infancia e da adolescencia, xa que desde o ano 2020 o Goberno galego aumentou nun 52% os recursos orzamentarios destinados á protección da infancia.

Grazas a este reforzo no investimento na protección á infancia e á adolescencia, a Xunta de Galicia:

Puxo en marcha novos recursos residenciais de protección da infancia e da adolescencia.

Aumentou o número de prazas de acollemento residencial.

Puxo en marcha novos programas para as familias en situación de vulnerabilidade, centrados na preservación familiar ou na emancipación e o tránsito á vida adulta.

Reforzou a formación dos profesionais dos equipos técnicos de protección á infancia, con xornadas de referencia en España -como a específica para a abordaxe do abuso sexual infantil- e un programa específico de formación que dá resposta ás necesidades do persoal da Xunta de Galicia e das entidades sociais que traballan neste eido.

E, por suposto, potenciamos o acollemento familiar, aumentando en dúas ocasións as contías mensuais que reciben o 100% das familias acolledoras grazas á súa inclusión nos Orzamentos da Xunta de Galicia, que recibiron o voto en contra do grupo parlamentario do BNG.

Neste sentido, convén lembrar que foi este Goberno o que universalizou o acceso ás compensación económicas para todas as familias acolledoras, cuestión que non sucedía cando gobernaba o BNG.

En canto ao suposto desleixo no sistema de protección, a realidade é que o único desleixo que se está a producir nesta materia é a do Goberno de España que no momento de elaboración desta resposta ten achegado 0 euros ao acollemento de menores migrantes non acompañados procedentes de territorios en continxencia migratoria.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pese ás reiteradas promesas ao respecto, o certo é que é a Xunta de Galicia a que está a afrontar en solitario esta cuestión.

Respecto das condicións laborais dos técnicos, a o Goberno galego é consciente da importancia do traballo que levan a cabo os técnicos do servizo de menores e por iso está analizando a súa situación dos equipos para realizar os cambios necesarios na composición co fin de garantir unha adecuada prestación do servizo, acorde ás necesidades actuais.

En todo caso, e respecto ao persoal das entidades do terceiro sector, convén lembrar que a Xunta de Galicia está a aplicar nos distintos concertos sociais vixentes o convenio colectivo en vigor, tal como establece a lexislación, e dito convenio é un acordo entre patronal e sindicatos, publicado polo Goberno de España a través do Boletín Oficial do Estado.

Sobre isto, a Xunta de Galicia agradece o traballo e o bo facer que veñen realizando as entidades do terceiro sector no ámbito da protección da infancia e da adolescencia desde hai décadas, e que entendemos que o BNG tamén comparte dado que ten externalizado a estas entidades a prestación de servizos sociais en reiteradas ocasións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 0:59:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44906
Data envío: 13/01/2026 00:59:08,482

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37719**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego, en coordinación co sector marisqueiro e centros de investigación mariña, para reducir o impacto da ouxa e garantir a sustentabilidade da actividade marisqueira"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de novembro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro 31070.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDNjNTY0NjltM2ZiNy00MDdjLTk4NWQtYmExYjNiZDFmOTI1&start=222.495>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre os programas de investigación da Consellería do Mar, Redemar e CIMA".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:56:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:56:08
Nº Rexistro: 45700
Data envío: 15/01/2026 13:56:08,525

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37792**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión do Goberno galego de revisar e aumentar a dotación económica destinada aos colexios da avogacía para garantir a cobertura e sostibilidade do servizo público da quenda de oficio"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Pese a ter limitada a competencia autonómica, o Goberno galego financia a asistencia xurídica gratuíta en favor de persoas sen recursos suficientes mediante compensacións a través dos colexios profesionais e reserva para este fin 18,5 millóns de euros nos orzamentos de 2026.

Hai que salientar que Galicia Galicia é, xunto co País Vasco, Navarra e Cataluña, a comunidade autónoma cos baremos máis elevados e a que paga por máis conceptos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:11:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45323
Data envío: 13/01/2026 22:11:59.467

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37805**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de atender as demandas laborais e salariais do persoal das escolas infantís privadas financiadas pola Consellería de Política Social para o servizo de escolarización infantil 0-3 anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia segue dispoñendo dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, unha rede moi completa con máis de 30.000 prazas neste 1º ciclo de Educación Infantil que permite dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é voluntaria, e que non é financiada polo Goberno.

A este respecto, convén reiterar que o Goberno de Pedro Sánchez ten achegado 0 euros ao financiamento do programa de gratuidade da Xunta de Galicia para as escolas infantís 0-3, pese ás súas reiteradas promesas.

Fronte ás promesas e os anuncios realizados polo Goberno de España, o último deles na última Conferencia de Presidentes, a realidade é que ese suposto financiamento que ían recibir as Comunidades Autónomas para a extensión da gratuidade non se ten producido e o último que coñece a Xunta de Galicia é que a intención do Goberno de España é retrasar este financiamento, como mínimo, ata setembro de 2026.

En todo caso, a Xunta de Galicia destinará máis de 65 millóns de euros no ano 2026 para o programa de gratuidade, o que supón que as familias galegas aforran 65 millóns de euros por levar aos seus fillos a unha escola infantil.

Os datos oficiais do Goberno de España desmenten a afirmación que se realiza nesta pregunta, na que se fala de insuficiencia de prazas, xa que a realidade é que Galicia é líder absoluta en escolarización no Primeiro Ciclo de Educación Infantil, máis de 15 puntos por riba da media española e superando amplamente a ratio recomendada pola Unión Europea.

En canto á actualización normativa referente ao 1º ciclo de Educación Infantil, a Xunta xa procedeu en 2022 á aprobación dun decreto de actualización da ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e está en proceso de actualización da normativa referente á regulación dos centros de atención á infancia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Finalmente, en canto ás escolas infantís privadas, estas escolas aplican no seu persoal o convenio colectivo vixente, asinado entre a patronal do sector e a representación sindical, e supervisado e publicado polo Goberno de España a través do ministerio con competencias en emprego. Este convenio é exactamente o mesmo que empregan os concellos gobernados polo BNG nas licitacións das escolas infantís de titularidade municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:17:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44714
Data envío: 11/01/2026 23:17:10.187

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37823**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a previsión do Goberno galego de pintar pasos de peóns na Avenida Salvador Allende da parroquia de Nós, en Oleiros, para mellorar a seguridade viaria e facilitar os desprazamentos a pé e en transporte público"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Respecto da cuestión formulada sobre a sinalización de pasos de peóns na Avenida Salvador Allende, na parroquia de Nós, concello de Oleiros, e sobre as actuacións da Xunta de Galicia para facilitar a mobilidade peonil e o uso do transporte público nesta vía, cómpre indicar que, seguindo criterios técnicos, establceuse un límite de velocidade de 50 km/h no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0+370 e 1+830 da estrada AC-221.

Con respecto á implantación de novos pasos de peóns, a Avenida Salvador Allende non cumpre os requisitos establecidos na Instrución 1/2024, que define as recomendacións e criterios técnicos para a instalación de pasos peonís na rede autonómica de estradas de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:16:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44712
Data envío: 11/01/2026 23:16:57,379

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37887**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a aplicación das novas liñas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Resulta necesario manter un esforzo e dedicación especial a fin de lograr erradicar a violencia de xénero, uníndonos a fin de poder minguala, e buscando unha sociedade mais equitativa e igualitaria.

A Xunta de Galicia implementa programas e actuacións que redunden en beneficios das mulleres vítimas, ao tempo que implementa programas preventivos que visibilizan a violencia e conciencien á poboación de que o único camiño para lograr esa igualdade pasa por erradicar este mal que representa á violencia de xénero. Podemos afirmar que Galicia é unha comunidade que está no podio na loita contra esta pandemia.

Este ano poñeremos en marcha un novo recurso, os CIMS Móviles. Un novo e pioneiro servizo enfocado a previr a violencia de xénero no ámbito rural, especialmente naqueles lugares onde no hai CIMS permanentes. Estes CIMS tamén darán servizo nos sete campos universitarios.

Por outro lado, a Xunta de Galicia está a elaborar a primeira lei de violencia dixital de España.

Ademais, estamos a finalizar dúas guías- protocolos de actuación preferentes: unha guía de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con discapacidade, e unha guía de apoio e asistencia xurídica para vítimas de violencia sexual.

Por último, a Xunta de Galicia ven realizando actividades de sensibilización e prevención da violencia sexual sobre menores a través de talleres, espectáculos, charlas informativas, exposicións ou talleres formativos, actividades realizada en centros educativos e concellos galegos.

Con respecto ás medidas do Pacto de Estado, no 2024 eran aproximadamente de 290, con todo, este ano ditas medidas superan xa as 460. É dicir, que as medidas do Pacto de Estado sobre violencia de xénero, cuxo cumprimento é obrigatorio para as CCAA, aumentaron de forma considerable, non obstante, non ven acompañado do correspondente aumento orzamentario.

Por iso, o Executivo central debería aumentar a partida orzamentaria do Pacto de Estado na mesma proporción que o fan a as súas medidas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:14:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44710
Data envío: 11/01/2026 23:14:15.355

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37922**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a seguridade peonil na estrada AC-400 entre Valiñas e Peiro e o prazo no que se acometerán esas melloras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A protección dos usuarios da vía, en especial dos máis expostos como peóns e ciclistas, constitúe unha prioridade para a Xunta de Galicia. Neste marco, puxéronse en marcha medidas como o Plan de Sendas de Galicia, unha das accións clave en materia de mobilidade e infraestruturas viarias, que permitiu crear máis de 300 quilómetros de novas rutas peonís e ciclistas ao longo da rede de estradas autonómicas.

Actualmente, dáse inicio a unha nova fase deste plan, que inclúe actuacións tanto en zonas nas que xa se interveu como en novas comarcas. Dentro deste proxecto, a estrada AC-400, no seu percorrido polo municipio de Culleredo, está a ser obxecto de análise para posibles melloras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:14:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44708
Data envío: 11/01/2026 23:14:03,660

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38105**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego das necesidades de revisión e actuacións de mantemento na ponte situada na estrada AC-455 no concello de Val do Dubra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A AC-455 é unha estrutura estratéxica, pola súa funcionalidade e grande valor paisaxístico. Por iso vai a ser incluída dentro das actividades de conservación e o mantemento do dominio público viario, que comprende as actividades necesarias para preservar o estado dos seus bens e manter a vialidade da rede de estradas (artigo 33.2 Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

A estrada AC-445 ten 0,64 km de lonxitude e atravesa, maiormente, o núcleo de Portomouro.

En canto á mellora do peitoril da ponte, situada no PQ 11+600 da AC-455, foi xa levada a cabo mediante o contrato de conservación no verán de 2016.

Concretamente actuouse travesía de Portomouro entre PQ 11+520 - 12+170, cun investimento aproximado de 66.000 €.

A partires de decembro deste ano 2025 iniciouse un novo contrato específico de estruturas e no seno do mesmo solicitóuselle a adxudicataria que realízase a inspección da ponte así como a valoración e execución das actuacións a realizar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/01/2026 23:13:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44707
Data envío: 11/01/2026 23:13:56.854

CSV: BOPGDSPG-6CMB33DQW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 38111**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións orzamentarias do Goberno galego en relación coa mellora da seguranza viaria da estrada AC-455 ao seu paso polo concello de Val do Dubra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A AC-455 é unha vía de carácter estratéxico, tanto pola súa funcionalidade como polo seu valor paisaxístico, polo que se inclúe nas actividades de conservación e mantemento do dominio público viario, destinadas a preservar o estado dos bens e garantir a vialidade da rede autonómica, de acordo co artigo 33.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

A estrada AC-445, cunha lonxitude de 0,64 km, atravesa principalmente o núcleo de Portomouro. No que respecta á mellora do peitoril da ponte situada no punto quilométrico 11+600 da AC-455, esta actuación realizouse no verán de 2016 no marco do contrato de conservación, concretamente na travesía de Portomouro entre os PQ 11+520 e 12+170, cun investimento aproximado de 66.000 euros.

